DA TEORÍA Á PRAXE: INTERVENCIÓN NA ESTRUTURA 25/26 DO CASTRO DE VILADONGA

Gonzalo Buceta Bruneti e Carolina Pérez Pérez

La restauración debe dirigirse al restablecimiento de la unidad potencial de la obra de arte, siempre que esto sea posible sin cometer una falsificación artística histórica y sin borrar huella alguna del transcurso de la obra de arte a través del tiempo. **(Césare Brandi, *Teoría de la Restauración).***

DA TEORÍA…

A restauración de estruturas arqueolóxicas non xorde dunha elección persoal en función do gusto ou da estética; pola contra, está suxeita a un conxunto de axiomas que, levados á práctica, determinan o tipo de intervención a realizar.

O conservador-restaurador[1], como interlocutor interdisciplinar do patrimonio cultural, ten a capacidade de **diagnosticar** as alteracións dos bens culturais mobles e inmobles e, a partir do anterior, dirixir e deseñar un plan de conservación que garanta a preservación e salvagarda dos anteriores, sendo o fin último o de **transmitir o legado** ás futuras xeracións. Tamén debe **documentar** e facer o **seguimento do proceso** de conservación e restauración dos bens culturais.

A metodoloxía das intervencións está suxeita a uns criterios que veñen sendo revisados e mellorados ao longo da historia da restauración. Dende o século pasado e ao longo do presente século, a través de acordos e reunións, os diferentes organismos e institucións teñen establecido normas de actuación en forma de cartas, leis e convenios que fixan os criterios para garantir intervencións eficaces na protección do patrimonio cultural.

Faremos unha breve referencia á evolución da teoría da restauración. Unha vez superadas as propostas radicais da denominada "restauración estilística" do francés do século XIX Viollet Le Duc, onde a restauración quedaba nas mans da visión do arquitecto e a súa libre interpretación, mais o seu coetáneo, o inglés Ruskin, defendía a "corrente antirrestauradora" que defendía que o monumento tiña que morrer libremente ate desaparecer; na actualidade, as propostas de conservación-restauración teñen conseguido equilibrar ambos os dous extremos empregando uns conceptos que poñen en valor o orixinal e que obrigan a unha clara identificación dos engadidos.

Foron Camilo Boito (1836-1914) e Gustavo Giovannoni quen articularon un discurso máis científico e moderno onde primaba a conservación fronte á reconstrución e onde se potenciaba o respecto pola coexistencia de todos os estilos que se atoparan no monumento; eliminándose unicamente os falsos históricos.

A *Carta de Atenas* (1931), inspirada nas ideas dos anteriores, dá paso a novas regras e aforismos que quedan plasmadas na *Carta de Venecia* (1964) e na *Carta del Restauro* de 1972, esta última baseada na teoría da "restauración crítica" de Cesare Brandi que suporá un avance respecto á elaboración dunhas normas técnico-xurídicas e, ademais, trátase da primeira normativa de obrigado cumprimento.

1 ICOM "El conservador-restaurador: una definición de la profesión", Copenhague 1984.

A restauración é un estadio excepcional que unicamente procura a restitución dos valores estéticos e históricos do monumento e cuxa liberdade de actuación atopa os seus límites alí onde comeza a hipótese. Debemos sinalar unha das últimas correntes teóricas; trátase da "restauración crítico-restauradora", que se caracteriza por tentar chegar a un equilibrio crítico que saiba atopar a solución axeitada para cada caso.

Por tanto, as intervencións na conservación-restauración teñen como obxectivo conseguir manter a integridade física, a súa comprensión estética e histórica, así como a preservación do seu valor documental.

Para finalizar este sucinto percorrido pola historia da teoría da restauración destacamos a inclusión do concepto "conservación integrada" que aparece na *Carta do Patrimonio Arquitectónico Europeo* (Amsterdam 1975) onde se expón que a conservación debe proxectarse cara á integración na contorna e na vida dos cidadáns.

...Á PRAXE

Nas intervencións de restauración tomaremos de maneira obxectiva[2] os criterios das cartas e leis vixentes sobre a conservación do patrimonio cultural. Proxectamos intervencións activas de conservación-restauración sobre as estruturas arqueolóxicas, tendo sempre en conta os diversos casos particulares que poidan xurdir a partir da diagnose previa efectuada.

Como aplicación práctica do exposto anteriormente, describimos a intervención feita na estrutura 25/26 do Castro de Viladonga[3].

Nun principio, cando se realizou a diagnose, tiñamos unha lectura desta estrutura como un "todo", isto é, dous espazos contiguos que formaban unha unidade estrutural e onde todos os muros parecían ser executados ao mesmo tempo. Cando se iniciou o proceso de restauración e se levou a cabo a fase de limpeza, empezan a distinguirse as diferentes relacións entre os muros (anterioridade - posterioridade - contemporaneidade) que definen a "rota" ou secuencia cronolóxica de construción da estrutura.

Foto 1. Lectura inicial da estrutura 25/26 como un "todo".

Os "marcadores"[4] das diferentes secuencias construtivas nas que se basean as hipóteses que imos presentar son: a coloración da argamasa, a anchura da cabeceira dos muros, as liñas (curva/recta) que definen os muros e a maneira de relacionarse entre estes, é dicir, a forma en como se insiren, arriman ou superpoñen os muros entre si.

Na fotografía nº 1 observamos unha serie de muros que parecen unidos e executados no mesmo momento construtivo, pero na fotografía nº 2 xa podemos apreciar que isto non é así:

1.- Polas relacións xurdidas: o muro C arrímase ao muro A e o muro A non ten continuidade no muro C.

2.- Pola diferente coloración das argamasas: o muro A

2 González Moreno-Navarro 1999.

3 A intervención realizouse nos meses de novembro e decembro de 2010 e actuouse en nove estruturas do Castro de Viladonga. Os traballos foron realizados pola empresa BIC Conservación e Restauración.

4 Marcadores son os elementos que diferencian momentos construtivos diferentes.

e o muro B presentan argamasa de coloración ocre e o muro C argamasa de coloración vermella.

3.- Pola anchura media da cabeceira[5]: a do muro C é superior á media da anchura da cabeceira dos muros A e B.

4.- O muro A que arrinca cunha curva pronunciada rectifícase con dúas liñas rectas moi marcadas, sobre todo polo interior.

Fotos 2 e 3. Evolución da interpretación das relacións dos muros.

5 Podemos constatar que os muros rectos e con argamasa vermella teñen unha anchura superior aos muros curvos e con argamasa ocre.

O estudo final, tras a limpeza, revela unha muda substancial nas relacións entre os muros e a xénese da estrutura.

Xorden, por tanto, dúas hipóteses de xénese:

1.- A primeira hipótese revelaría a utilización de varias estruturas con argamasa ocre unidas con reformas que teñen argamasa vermella (a esta fase tamén pertencería o muro divisorio interior).

2.- A segunda hipótese sería que, a partir dun tramo de estrutura circular (máis antiga), se fan os muros que pechan a estrutura polo sur, leste, norte e oeste. Finalmente, faríanse as reformas de argamasa vermella e o muro divisorio interior.

Polo tanto, a lectura que tiñamos da estrutura, a de "un todo" ou un muro continuo que definiría a estrutura, na nova lectura,despois da intervención podemos ver que se trata de "partes dunha estrutura", é dicir, son diferentes muros construídos en diferentes momentos e que definen outra estrutura maior.

Como podemos comprobar, a instancia histórica atopada define a intervención sobre a parte física (estrutural) condicionando os traballos de consolidación e, por tanto, manter as diferentes fábricas e momentos construtivos convértese nunha prioridade.

A teoría e os criterios vixentes determinan o tipo de intervención, incidindo especialmente no respecto pola evolución construtiva: as relacións entre os muros, os alzados orixinais, as cotas e desniveis naturais, a identificación dos engadidos e a integración da consolidación na contorna.

Consérvase, en todo caso, o carácter de "ruína consolidada" e non se igualan os niveis orixinais dos alzados para non caer nunha hipótese e nun falso. A reconstrución e a consolidación tratan de evitar que se chegue, nun breve prazo de tempo, a ter un castro completamente reconstruído que nada tería de antigo e que, consecuentemente, perdería gran parte do seu valor patrimonial.

Fotos 4 e 5. Respecto polas relacións e incidencias construtivas:
Foto 4, muros A, B e C consolidados, e Foto 5, muro C arrimado aos muros D e A.



Debuxo 1. Evolución na interpretación das estruturas.



Debuxo 2. Hipótese.

Trátase de conservar as relacións entre os muros e a coloración das argamasas o máis fielmente posible ao orixinal ademais de facilitar a lectura dos restos arqueolóxicos, tanto para os especialistas como para o público en xeral.

Para conseguir a integración das intervencións coa contorna colócanse unhas lousas de protección que van cubertas cun manto vexetal; deste xeito, unifícase a visión que se ten do Castro de Viladonga e, ademais, realízase una protección nas cabeceiras dos muros.

Podemos dicir, a modo de conclusión, que a intervención executada na estrutura 25/26 do Castro de Viladonga supuxo un conxunto de actuacións (diagnose – limpeza – consolidación – protección - documentación) que pretenden o mantemento da integridade física e da súa comprensión estética e histórica, así como a preservación do valor documental. Trátase dunha simbiose entre a teoría e a praxe, entre os criterios de actuación e a posta en práctica.

Esta actuación individualizada nesta unidade habitacional pretende frear os procesos de degradación, neutralizar as causas de deterioro e posibilitar a súa lectura como documento, preservando todos e cada un dos elementos e datos que contén.

Fotos 6 e 7. Respecto polos alzados orixinais, coloración diferente das argamasas e protección con lousa e manto vexetal.

Foto 8. Mellora da lectura de espazos e relación entre estruturas.

Foto 9. Integración da estrutura 25/26 no castro.

Bibliografía

BRANDI, C., *Teoría de la Restauración*. Alianza Editorial, Madrid 1977.

Carta do Patrimonio Arquitectónico Europeo, Amsterdam 1975.

CASADO HERNÁNDEZ, J., "En torno a la Conservación-Restauración y sus criterios de actuación en Arqueología", *X Congreso de Conservación de Bienes Culturales*, Cuenca 1994.

GONZÁLEZ-VARAS, I., *Conservación de Bienes Culturales,* Ediciones Cátedra, Madrid 1999.

GONZÁLEZ MORENO-NAVARRO, A., *Restauración Objetiva.* Barcelona Diputación de Barcelona, 1999.

VV.AA., *El conservador-restaurador: definición de una profesión,* ICOM-Comité Internacional para la Conservación del Patrimonio, Copenhague 1984.